

*SOBRE A PROPOSTA DE ÓRGAOS DE DIRECCIÓN DO BNG*

Esquerda Nacionalista quer manifestar o seu desacordo coa proposta de órganos de dirección do BNG a alexer na próxima Asemblea Nacional, anunciada publicamente no pasado fin de semana.

Este desacordo está fundamentado en dous aspectos: 1. O método seguido para a súa elaboración e presentación final, e 2., A súa composición, tanto no referido à Executiva Nacional como no que respeita ao Consello Nacional.

Sobre o método.

Ao noso criterio, calquer proposta sobre a composición dos futuros órganos de dirección do BNG debe ser presentada, debatida e, se é o caso, refrendada polos actuais órganos de goberno do BNG. Calquer outra alternativa furta, en certa medida, as canles regulamentariamente establecidas e priva dunha participación plena aos e às representantes escollidos pola militancia na anterior Asemblea Nacional (Comisión Permanente e Consello Nacional)

Sobre a composición.

1. Executiva Nacional.

- A) A proposta de composición da Executiva Nacional non responde aos criterios de pluralidade ideolóxica e organizativa das e dos militantes integrados no BNG.
- B) Esta falta de pluralidade manifesta un claro desequilibrio político ao ficaren sen presenza colectivos e partidos políticos organizados e recoñecidos no seo do BNG.
- C) A respecto da Executiva Nacional, e sen entrar a valorar a valía política dos e das integrantes da proposta anunciada, Esquerda Nacionalista considera que conta dentro da súa militanza con persoas de recoñecida e contrastada capacidade para aportar traballo e ideas neste novo órgano de goberno.

2. Consello Nacional.

- A) Pese ás expectativas de renovación nas persoas que teñen que dirixir o proceso de transformación e avance do proxecto común do nacionalismo galego, na práctica constatamos a timidez desta renovación, sendo no esencial un calco do Consello Nacional sainte.
- B) Pese à integración de novas persoas no conxunto da proposta, seguen a ter moito peso sectores que defenden unha maneira de facer unha política de resistencia, fronte à abertura à sociedade preconizada nos relatórios, que nós asumimos, como partido político, ao cento por cento.

Esquerda Nacionalista segue a manter o seu posicionamento aberto ao diálogo para conseguirmos unha proposta plural e transformadora que sexa capaz de superar as eivas que ao noso xuízo ten a proposta presentada, acadando así o maior grao de consenso posíbel dentro da organización. A xenerosidade e fidelidade de EN ao proxecto común do BNG fica garantida no traballo político que, acabada a Asemblea Nacional, imos seguir desenvolvendo no seo da fronte para logramos o afianzamento e expansión do nacionalismo na sociedade.